

MESA SECTORIAL DO DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2020

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO 12 DE NOVEMBRO DE 2019 E 3 DE DECEMBRO DE 2019.

Apróbanse as actas das referidas sesións unha vez feitas as alegacións por parte de todas as Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONSTITUCIÓN DA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS SINDICAIS 2018/2019.

Procédese á constitución da Mesa Sectorial Docente tendo en conta os resultados das eleccións sindicais 2018/2019 e atendendo aos criterios e á normativa de Función Pública.

Desde ANPE Galicia criticamos a demora con que se ten feita esta nova constitución da Mesa.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE DECRETOS POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DE 4 NOVOS TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL AO ABEIRO DA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN:

- **TÉCNICO EN MANTEMENTO DE ESTRUTURAS DE MADEIRA E MOBLAXE DE EMBARCACIÓNS DE RECREO.**
- **TÉCNICO EN COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS.**
- **TÉCNICO SUPERIOR EN VESTIARIO A MEDIDA E DE ESPECTÁCULOS.**
- **TÉCNICO SUPERIOR EN MANTEMENTO AEROMECÁNICO DE AVIÓNS CON MOTOR DE TURBINA.**

Como é habitual cando se tratan currículos de ciclos de formación profesional facemos, desde ANPE Galicia, fincapé na necesidade de reducir as rateos de alumn@s o máximo posible e na necesidade de establecer desdobres en aqueles módulos que así o requiran ben sexa pola súa perigosidade, ben pola falta de medios ou ben por calquera outro tipo de motivo que así o aconselle. **A Administración reitera que se prevén rateos por debaixo do que establece a normativa estatal polo que non considera necesario baixalas nin establecer desdobres.**

Con respecto ao módulo de lingua estranxeira, desde ANPE Galicia insistimos, como fixemos na anterior ocasión, en que deben ser impartidos por profesorado especialista dos diferentes idiomas e non por profesorado da especialidade con nivel C1 acreditado. Entendemos que é o profesorado de inglés, francés ou do idioma correspondente o que ten acreditadas en exclusiva as competencias docentes para impartir docencia nese módulo. Ademais o feito de cubrir este tipo de módulos con profesorado dos ciclos con nivel C1 no idioma correspondente pode dar lugar a “choques” co estipulado no Acordo de interinos no caso de ter que cubrir unha hipotética substitución dalgún deles.

Solicitamos tamén, a petición do profesorado de ciclos que imparte docencia nos IES, que o módulo de lingua estranxeira se implante tamén nos ciclos impartidos en IES e non soamente nos impartidos en CIFP xa que manifestan o carácter discriminatorio deste feito cando o seu alumnado participa en programas internacionais. **A Administración reitera que o módulo de linguas estranxeiras será impartido por profesorado con competencias docentes atribuídas ao ciclo formativo**

correspondente que acredite un nivel C1 do idioma correspondente. Con respecto ao tema dos IES aclara que o módulo de lingua estranxeira está incluído no ciclo correspondente independentemente de que este se imparta nun IES ou nun CIFP.

De xeito máis particular, en relación ao currículo de técnico superior en mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina facer o seguinte apuntamento. No Anexo III da Orde que establece dito currículo figuran as especialidades do profesorado con atribución docente para cada módulo. Sen embargo non queda clara a docencia que correspondería aos profesores especialistas dado que en todos os módulos aparece tanto esta figura (profesorado especialista) como a do profesorado doutros ciclos de F.P. **A Administración resposta que o profesorado especialista que se contrata se contrata con plena atribución docente nos módulos do ciclo.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DO... DE ... DE 2020, POLA QUE SE REGULA A ADSCRICIÓN DE FORMA TEMPORAL, EN COMISIÓN DE SERVIZO E POR PETICIÓN DA PERSOA INTERESADA, DO PERSOAL FUNCIONARIO DOS CORPOS DOCENTES E DO PERSOAL LABORAL DOCENTE QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN EN CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, EN ATENCIÓN A SITUACIÓNS PERSOAIS ESPECIAIS POR MOTIVOS DE SAÚDE (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO...)

Con respecto á modificación presentada da orde de comisións de servizo por motivos de saúde entendemos que a Administración trate de unificar o seu contido co da orde de comisións de servizo por motivos de conciliación da vida familiar e laboral e tamén entendemos a necesidade de introducir a presentación telemática que pode servir para axilizar os trámites e simplificar a documentación a presentar.

De todos os xeitos consideramos que algúns puntos da nova redacción da Orde pode dar lugar a que se deixen de conceder comisións de servizo por saúde que se estiveron concedendo nos últimos anos e que se debería dotar á Orde de máis flexibilidade.

Entendemos que debemos evitar a crecente picaresca que se está a producir no caso das comisións de saúde pero unha redacción demasiado restritiva pode ser contraproducente. A continuación pasaremos a analizar os artigos da Orde onde faríamos puntualizacións.

No artigo 4.1 desde ANPE Galicia amosamos o noso rexeitamento a ampliar a distancia do destino definitivo á localidade de residencia de 50 a 60 km. **A Administración resposta que se fixo con intención de homoxeneizala con respecto á orde de comisión de concilia pero acepta deixala como está nos 50 km.**

Tamén no artigo 4.1 solicitamos que se excepcione tamén o requisito de ter destino definitivo á máis de 50 km da localidade de residencia nos casos de prestar servizos con carácter definitivo en CIFP onde a maioría do profesorado imparte docencia en quendas de mañá e tarde o cal dificulta a conciliación e os coidados de familiares que así o precisen. **A Administración resposta que non vai a atender esta petición e deixará a redacción tal e como figura.**

Solicitamos que se lle dea unha nova redacción ao primeiro parágrafo do artigo 4.2 xa que pode haber casos nos que aos solicitantes non lles interese solicitar TODOS os centros nun radio de 20 km no Concurso Xeral de Traslados xa que estamos a falar de obter un destino definitivo cando poden solicitar a comisión de servizos para solucionar unha cuestión puntual de necesidade de coidados por un período moi concreto pero poden querer manter o seu destino definitivo para o futuro. **A Administración resposta que lle dará unha volta a redacción deste punto pero que xa considera que pode haber**

casos excepcionais que os solicitantes deberán argumentar e que permiten non solicitar todos os centros ou mesmo non participar no Concurso Xeral do Traslados co cal a flexibilidade da Orde está garantida.

Con respecto ao Artigo 6.1 c) entendemos desde ANPE Galicia que pode haber serias dificultades para que en determinados casos (grandes dependentes, enfermidades mentais, enfermidades moi graves, etc) para que o familiar poida cubrir e asinar o Anexo II de comprobación de datos. **A Administración estudará este punto aínda que considera que en calquera caso a dificultade, nos casos en que se poida producir, se pode solucionar presentando a documentación. Este punto está incluído na orde para que non sexa necesario ter que presentar esa documentación á que fai referencia no caso de que se autorice a súa consulta pero si, por calquera circunstancia, non se puidera autorizar o solicitante sempre pode optar por presentar a documentación correspondente.**

Con respecto tamén á documentación que hai que presentar, consideramos que se debería volver a incluír o informe d@ traballad@r social para acreditar a convivencia e que non debería abondar co certificado de empadramento. **A Consellería resposta que o eliminaron a petición dos propios traballadores sociais que enviaron un escrito indicando que non é competencia súa a elaboración de informes de convivencia e tamén pola experiencia dos últimos anos en que ditos informes se limitan a recoller o que o interesad@ refire ao traballad@r social en relación á convivencia polo que o feito de ter que presentar dito informe pode supoñer un problema para os solicitantes da comisión.**

Solicitamos a retirada da Disposición adicional quinta ao considerar que este tipo de adscrición funcional non se pode deixar sen ningún tipo de supervisión tanto por parte da Administración como por parte das organizacións sindicais. De feito este tipo de adscrición funcional xa se está concedendo nos últimos anos. Entendemos que aínda que se resolvan no propio centro debe haber previamente unha solicitude xustificada e documentada para poder ser concedida se chame comisión de servizos ou adscrición funcional. O feito de que se poida facer esta adscrición funcional sen pasar pola comisión de valoración pode dar lugar a moito “mercadeo” coas prazas nos centros educativos. **A Administración acepta a retirada desta disposición.**

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- No tocante ás **OPOSICIÓN**s solicitamos coñecer cando se vai a traer á Mesa Sectorial a oferta de prazas desglosada por especialidades. **A Administración resposta que está previsto convocar unha mesa sectorial o vindeiro martes 18 de febreiro.** Tamén queremos saber cando van a percibir as retribucións os membros dos tribunais que aínda non cobraron. **A Administración resposta que desde onte están aboados todos os tribunais.** Solicitamos tamén que na futura Orde de convocatoria dos procesos selectivos se recolla que poidan renunciar a formar parte dos tribunais todos os membros dos equipos directivos e non soamente os directores. Entendemos que se poden producir casos de deixar aos centros desatendidos tendo en conta a grande cantidade de especialidades que se van a ofertar. Tamén esiximos que se publiquen os exames de todas as especialidades que aínda non o fixeron e tamén os da proba de castelán e galego. **A Consellería resposta que soamente poderán renunciar os directores e que si se van a publicar o contido dos exames de todas as especialidades.**
- Redución de xornada por coidado dun familiar: na normativa de permisos e licenzas do persoal docente recolle a situación cando existe garda legal. Sen embargo a Lei do Emprego Público contempla que se debe recoller a casuística de garda legal e sen garda legal. Debe regularse na nosa normativa específica de licenzas e permisos. **A Administración resposta que xa está regulado xa que se permite unha redución de xornada sen ningún tipo de xustificación.**

- Con respecto á negociación das vacantes do **CONCURSO XERAL DE TRASLADOS** solicitamos que a Consellería reconsidere a súa posición de non volver a negociar as vacantes de secundaria nunha Mesa Técnica en San Caetano. Consideramos que foi unha experiencia moi positiva e que debería repetirse. **A Administración resposta que non se vai a repetir e que soamente se revisarán nos servizos centrais as reclamacións que se poidan presentar pero sen constituír de novo unha Mesa Técnica.**
- Desde ANPE Galicia consideramos que a normativa estatal non impide que o profesorado que está en situación de baixa por Incapacidade Temporal e que perfecciona un trienio ou un sexenio ou mentres perdure a súa situación administrativa lle corresponda calquera mellora retributiva poida percibir, unha vez recibida a alta médica, os correspondentes atrasos. Os nosos servizos xurídicos estudarán a cuestión para iniciar os procedementos xurídicos que consideremos oportunos. **A Administración considera que a norma estatal si o impide.**
- Solicitamos coñecer se a Administración ten previsión de cando pode empezar a chamar para cubrir as vacantes do plan ARCO unha vez se ten publicada na mañá de hoxe a resolución provisional de centros admitidos no programa. **A Consellería non ten aínda unha previsión de cando se poden empezar a cubrir.**
- **ANPE Galicia quere rematar a Mesa Sectorial demandando novamente o aboamento das cantidades detraídas das pagas extraordinarias correspondentes ao período 2013-2016 e que supoñen unha media de 5.000 euros por docente. Cataluña acaba de anunciar un compromiso para aboar entre o 2020 e o 2021 o correspondente á paga do ano 2014 polo que xa somos a única Comunidade Autónoma que non as ten aboadas ou cando menos ten un calendario de aboamento das mesmas. ¿Onde están os nosos cartos?. Non entendemos a vehemencia coa que o Sr. Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Feijoo, solicita o pago da débeda do Estado coa Comunidade de Galicia cando el é o primeiro que non paga as súas débedas. Entendemos que se ten que ser máis coherente. Empece vostede pagando as débedas que ten cos seus funcionarios e despois reclame o que considere oportuno. A Administración resposta que este é un tema que compete á Mesa Xeral da Función Pública.**
Desde ANPE Galicia respostamos á súa vez que sabemos que é un tema que compete a outra Mesa pero que, como non temos representación na Mesma queremos que polo menos a nosa voz sexa trasladada ao Goberno da Xunta de Galicia xa que parece que o resto das Organizacións Sindicais con presenza na Mesa Xeral da Función Pública se esquecen de todo o que nos adebeda o goberno autonómico. ANPE Galicia, desde logo, non o esquece.